



BOP

MÉRCORES, 31 DE XANEIRO DE 2024

N.º 026

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio



DEPUTACIÓN
DE LUGO



BASES DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO ALUGUER E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLES NO RURAL, DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO” ANUALIDADE 2024.

Exposición de motivos

A provincia de Lugo corre un elevado risco de despoboamento en amplias zonas do seu territorio, sumando apenas o 12,42% do total da poboación galega, residindo ademais un 35% dos sus habitantes na capital da provincia.

Do total dos 67 concellos da provincia de Lugo, o 37,31% non superan os 2.000 habitantes. Ademais, estes concellos supoñen só o 9,8% do total da poboación da provincia, o que confirma a baixa densidade dalgunhas das súas poboacións.

As empresas teñen unha reducida dimensión, a metade das empresas da provincia non teñen personal o seu cargo e máis do 40% teñen menos de 10 empregados (micro pymes). Ademais, as empresas baixo a forma xurídica de persoas físicas (autónomos) teñen un peso relativo na provincia dun 60%.

O Proxecto “Y para vivir Lugo” crease para iniciar unha serie de accións, como incentivar o aluguer da vivenda a través desta liña de axudas, para contribuir a combater o despoboamento no rural da provincia de Lugo, para elo, realizouse un estudo en tres concellos, que podemos denominar como “pilotos”, de A Fonsagrada, O Valadouro y Xermade, representativos das comarcas da montaña, Terra Chá e A Mariña.

Prevese impulsar e crear unha bolsa de aluguer de vivendas privadas rurais, nos tres concellos piloto, sen prexuízo de que poida replicarse e extenderse ó resto de concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes. Desta forma, os propietarios ou usufructuarios de bens inmobles particulares destinados a vivendas, poderán beneficiarse dunha pequena axuda por unha cantidade de 600,00 euros, ó incorporar os seus inmobles á bolsa e ser destinados ó alquiler, para que as personas interesadas poidan fixar a súa residencia nalgunha zona rural, xa que é o principal problema a enfrentar, e o lugar de partida para frenar o desequilibrio demográfico.

Esta convocatoria regulase pola Orden Ted/1358/2021 de 1 de decembro para a financiación de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e con cargo ás seguintes aplicacións presupostarias: 23.14.456 E.46101: 6.189.000,00 € e 23.14.456 E76101: 4.126.000,00 € consignadas nos Orzamentos Xerais do Estado. O orzamento do proxecto “Y Para Vivir Lugo “ é de 271,672,94€ , dos cales para esta actividade é de 30.000€

Base 1. Obxecto e finalidade

O obxecto desta convocatoria é crear unha bolsa de aluguer de vivendas para promover e fomentar o aluguer nos concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes, priorizando os concellos “piloto” do programa “Y para vivir Lugo” de A Fonsagrada, O Valadouro e Xermade, actuando como mediadores e facilitadores, técnicos da área de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

Para evitar situacións de abuso ou fraude, os posibles arrendatarios deberán enviar un correo electrónico a yparavivirlugo@deputacionlugo.com, cada vez que teñan interese por algún dos inmobles contidos na bolsa de aluguer de vivendas creada a tal efecto. Desta forma, técnicos da Deputación pondránse en contacto cós/as propietario/a/os/as, usufructuario/a/os/as, o representante legal, actuando como mediadores entre ambas

partes. A súa vez, éstos deberán enviar unha breve reseña por correo electrónico do acontecido para ver a evolución dos acordos. As solicitudes de mediación serán ilimitadas.

Destinaráse unha axuda económica de 600,00 euros a propietarios/as y usufructuarios/as de vivendas rurais, en calidade de arrendadores, que permitan poñelas a disposición de novos poboadores, coa obrigaçión de que unha vez materializado o contrato de arrendamento, na primeira mensuralidade rebaixarase ao arrendatario o importe do mesmo ao 50%, para atenuar os gastos que implica o cambio de residencia. En concreto serán 50 axudas económicas.

A finalidade desta axuda, é facilitar a calquera persoa interesada un lugar onde vivir e establecer a súa vida, a través da creación dunha bolsa de vivendas privadas en réxime de aluguer, que se poderá consultar e acceder a ela dunha forma cómoda e segura. Ademais durante a primeira mensuralidade rebaixarase o importe do aluguer ao 50% para atenuar os gastos que implica o cambio de residencia.

En aras a promover a integración de familias en situación de vulnerabilidade, serán prioritarias áa hora de acceder ó servizo de mediación, aquelas que acrediten a condición de vítima de violencia de xénero ou de trata de seres humanos, primaránse tamén as familias monoparentais ou familias que conten con persoas dependentes a cargo.

Base 2. Réxime xurídico

O procedemento de concesión destas axudas tramitaráse en rexime de concorrencia competitiva, ata esgotar o crédito dispoñible, de modo que a concesión da subvención realizaráse mediante a comparación das solicitudes presentadas, có fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo có disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o cal establece que “O *procedimento ordinario de concesión de subvencións tramitaráse en rexime de concorrencia competitiva. A efectos da presente lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cual a concesión das subvencións realizase a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cós criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicar, có límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtuveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.*”, así como no artigo 16.1 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

Pódese consultar a Ordenanza Xeneral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: <https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/2024-01/11-01-2024.docxspa.pdf>

A efectos de detalle para a Base de Datos Nacional de Subvencións, a presente concorrencia ten como fin a creación dunha bolsa de vivendas en réxime de aluguer, destinada a propietarios e usufructuarios de vivendas, en calidade de arrendadores, que permita poñelas a disposición de novos poboadores, por tanto, son axudas directas a propietarios e usufructuarios de vivendas da provincia de Lugo.

Esta subvención reflexase no Rexistro Público de Subvenciones cá seguinte descriçión:

LÍNEA 4.1 c) - FOMENTO DA PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA PROVINCIA DE LUGO

EPÍGRAFE	CÓDIGO	DESCRICIÓN
SECTOR ECONÓMICO	68.2	Alugamento de bens inmobiliarios por conta propia.
FINALIDADE	8	Acceso á vivenda e fomento da edificación.
IMPACTO DE XÉNERO	3	Positivo. Cando se prevea unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuya ós obxectivos das políticas de igualdade
INSTRUMENTO DE AXUDA	SUBV	Subvención e entrega de diñeiro sen contraprestación.

Obxectivo específico

Fomento do Emprendimento con Accións dirixidas a fixar talento nos territorios.

Base 3. Crédito orzamentario

O orzamento destinado para a concesión destas axudas para o fomento do aluguer e a creación de una bolsa disponible de vivendas no rural para o ano 2024 ascende a 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410.4890055.

Poderán beneficiarse da bolsa de apoio ó aluguer no rural, un total de 50 vivendas dotando ós actuais arrendadores das mesmas, dunha retribución mediante transferencia bancaria por unha cantidade única de 600,00 euros por cada inmovible que se poña a disposición da bolsa de aluguer durante un período de compromiso de permanencia de 3 anos.

Base 4. Concorrenza de axudas e subvencións públicas

Estas subvencións son compatibles con todas as subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Base 5. Beneficiarios

As axudas dirixense a propietarios/as, usufructuarios/as de vivendas, sen ánimo de lucro, sitas preferentemente nos Concellos de A Fonsagrada, O Valadouro y Xermade, sen prexuízo de que poidan extenderse ó resto de concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes.

Cando se actúe a través de representante legal deberáse acreditar por medio de declaración responsable (**Anexo III**).

Non poderán obter a condición de beneficiarios destas axudas aquelas **persoas físicas ou xurídicas** que se encontren incursoas nalguna das circunstancias previstas no artigo 13 no seus apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo.

En ningún caso poderán acceder á condición de beneficiario a entidade (persona xurídica) ou persona física que, tendo solicitada a subvención, teña pendente a xustificación de subvencións anteriormente otorgadas pola Deputación Provincial de Lugo, sempre que no prazo establecido para a súa presentación rematase.

O cumprimento dos requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario da subvención acreditarase mediante a presentación dos documentos que detallanse na **Base 8**.

Base 6. Obrigas dos beneficiarios

Os beneficiarios deberán:

- Acreditar de forma certa o título de propiedade ou de usufructuario da vivenda.
- Acreditar que a vivenda conta cos requisitos exixidos na **Base 7**, mediante fotografías que se aporten coa solicitude.
- Acreditar ante a Deputación Provincial de Lugo a realización da actuación obxecto destas bases así coma o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da subvención.
- Facilitar a referencia catastral do inmovible polo que se solicita a axuda.
- Aportar documento emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta cuxo titular sexa o propietario/a/os/as ou usufructuario/a/os/as da vivenda.
- Permanecer na bolsa de aluguer durante 3 anos, a contar dende a publicación da resolución definitiva no BOP de Lugo.
- Manter o prezo do aluguer da vivenda conforme ós prezos de mercado.
- Reducir o 50% do importe correspondente á primeira mensuralidade do alugamento.
- Entregar xustificante da redución prevista no apartado anterior (**Anexo IV**).
- Comunicar calquera cambio de uso ou titularidade do inmovible durante o periodo de vixencia da bolsa, como son: a compraventa, contrato de novo arrendatario da vivenda, herencia da propiedade ou doazón do inmovible, entre outros supostos.
- Cumplir as exigencias contidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Facilitar toda a información que sexa requerida polos servizos da Deputación Provincial de Lugo.

Base 7. Exixencias das vivendas ó obxecto de incluírse na bolsa de aluguer

As vivendas poderán ser:

- Vivendas unifamiliares.
- Vivendas adosadas.
- Pisos.
- Apartamentos.

Ademais, deberán:

1. Estar sitas en A Fonsagrada, O Valadouro, Xermade, ou nalgún dos concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes.

2. Contar cunhas condicións mínimas de habitabilidade ou no seu caso licenza de primeira ocupación:

- ✓ Cociña amoblada e equipada.
- ✓ Baño completo.
- ✓ Sistema de condución de auga corrente en funcionamento que de servizo ás zoas de cociña e baño.
- ✓ Instalación eléctrica homologada.

Quedarán excluídas as vivendas:

- ✗ De protección oficial de promoción pública.
- ✗ Con uso legal distinto ó de vivenda, como o uso turístico.
- ✗ Suxeitas a un rexime de aluguer por habitacións.
- ✗ En estado ruinoso ou catalogadas como infravivendas ou carentes dun mínimo de salubridade e hixene.

Base 8. Presentación das solicitudes

Os interesados dispoñen dun prazo dun **mes** contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito abondo, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo”, previa modificación das bases.

Os interesados deberán solicitar a axuda a través dos modelos aprobados que figuran como Anexos a estas Bases, e que deberán presentarse a través das seguintes modalidades:

1. Mediante a **presentación presencial**, deberá presentarse a solicitude así como os distintos anexos nos respectivos modelos normalizados, na oficina de asistencia ó cidadano en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Lugo ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Mediante **presentación telemática**, a través da sede electrónica de acceso ó Rexistro Electrónico Xeral da Deputación Provincial de Lugo, na seguinte dirección electrónica: www.deputacionlugo.gal > sede electrónica > subvencións > subvencións concurrencia > Y para vivir Lugo, dirixíndoas ó centro Xestor “Sección de Promoción Económica e Emprego”, sen prexuízo de que poidan presentarse nos Rexistros Electrónicos que se indican no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Siempre que se realice a presentación de documentos de forma separada da solicitude deberáse indicar o número de rexistro de entrada e/o de expediente, no caso de que se dispoña del, e o servizo responsable do procedemento.

No caso de que algún dos documentos que se queiran presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Nesta convocatoria, cada solicitante poderá formular tantas solicitudes como vivendas que cumplan os requisitos establecidos en estas bases.

A **Solicitude**, prevista no **Anexo I**, deberá conter a seguinte **documentación**:

- a. Copia do NIF do solicitante/representante legal.
- b. Copia do/s documento/s que acrediten o título de propiedade ou de usufructuario do bien inmovible, mediante certificado do Rexistro da Propiedade ou Escritura Pública.
- c. No caso de actuar en representación, deberá acreditarse por medio de declaración responsable prevista no Anexo III.
- d. Fotografías de cada unha das estancias da vivenda, onde atope unha vista completa da estancia, que acredite o bo estado da mesma, así como o cumprimento dos requisitos exixidos na **Base 7**.
- e. Documento emitido pola entidade bancaria no que conste o número de conta cuxo titular sexa o/a propietario/a/os/as, ou usufructuario/a/os/as, da vivenda. No caso de grupo de propietarios y/o usufructuarios deberáse incluír un único documento emitido pola entidade bancaria na que aparezan todos os posibles beneficiarios.
- f. Copia dos estatutos da entidade, no caso de tratarse dunha persoa xurídica.

Ademais, a **Declaración Responsable**, prevista no **Anexo II**, no que se manifesta:

- a. Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- b. Que autoriza ou non, a que se solicite por parte da Deputación Provincial de Lugo, de ser o caso, os certificados de encontrarse ó corrente das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social impostas

polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia ou á Tesorería Xeral da Seguridade Social e ó Servizo de Recaudación Provincial.

- c. Que a habilitación como dirección electrónica é a sinalada na solicitude. (Anexo I).
- d. Que autoriza á Deputación Provincial de Lugo a realizarlle comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de axudas promovido nestas bases.
- e. Que cumpre os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.
- f. Que non ten pendente de xustificación subvencións anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.
- g. Que solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas, para a mesma actuación subvencionable.
- h. Que a vivenda conta cás condicións mínimas de habitabilidade: licenza de primeira de ocupación ou cédula de habitabilidade, que permita o aluguer da vivenda de forma inmediata e ter unhas condicións de legalidade a tódolos efectos (con permisos e licenzas necesarias en vigor).
- i. Que a vivenda conta cunha póliza de seguro en vigor.
- j. Que se compromete a manter o prezo do aluguer da vivenda conforme ós prezos de mercado durante a vixencia da bolsa de vivendas.
- k. Que o importe da primeira mensualidade reducirase nun 50%.
- l. Que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigacións durante a vixencia das bases.

Base 9. Procedemento de concesión e criterios de valoración

O procedemento de concesión das mencionadas axudas tramitarase de conformidade có disposto no Capítulo II, Título II da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Sección 1ª del Capítulo III da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo (publicada no BOP núm. 009, de 11 de xaneiro de 2024).

Establecerase un orden de prelación entre as solicitudes presentadas de acordo cós criterios de valoración que se expoñen a continuación:

A. UBICACIÓN DA VIVENDA

Ubicación da vivenda	Puntuación
Concellos Piloto (A Fonsagrada, O Valadouro, Xermade)	10
Concellos dentro da Comarca dun dos concellos Piloto	7
Resto de concellos da Provincia de Lugo de menos de 5.000 habitantes	5

B. DISTANCIA DA VIVENDA A NÚCLEOS HABITADOS MÁIS PRÓXIMOS

Distancia a núcleos habitados máis próximos	Puntuación
Integrada en núcleo habitado	10
Núcleo habitado a menos de 5 km	8
Núcleo habitado entre 5 e 10 km	6
Núcleo habitado a máis de 10 km	4

A estos efectos, entenderáse por “núcleo habitado” os asentamentos de poboación que forman un núcleo definido, caracterizando unha forma de poboación que contrasta có poboamento diseminado.

C. EQUIPAMIENTOS EXTRA CÓS QUE CONTA A VIVENDA

Equipamientos extra cós que conta a vivenda	Puntuación
Superior	10
Medio	7
Inferior	5

Ponderarásese como **"SUPERIOR"** á vivenda que conte ó menos cun destes extras:

- Parcela anexa á vivenda para seu uso e disfrute.
- Garaxe ou praza de garaxe.
- Instalación de enerxía renovable.
- Certificación enerxética con calificación A, B o C.

Ponderarásese como **"MEDIO"** á vivenda que conte ó menos cun destes extras:

- Instalación de calefacción en funcionamento que de servizo á vivenda.
- Instalación existente ou posibilidade de conexión de datos (teléfono ou internet).
- Certificación enerxética con calificación D, E o F.

Ponderarásese como **"INFERIOR"** á la vivenda que conte ó menos cun destes extras:

- Menaxe de cociña e enxoval.
- Equipamento de electrodomésticos: microondas, lavavaxelas ou secadora.
- Certificación enerxética con calificación G.

D. TAMAÑO DA VIVENDA

Tamaño da vivenda	Puntuación
FAMILIAR	10
MEDIA	7
INDIVIDUAL	5

Ponderarásese como **"FAMILIAR"** a vivenda que conte ó menos con 3 estancias de dormitorios.

Ponderarásese como **"MEDIA"** a vivenda que conte ó menos con 2 estancias de dormitorios.

Ponderarásese como **"INDIVIDUAL"** a vivenda que conte ó menos cunha estancia de dormitorio.

E. ANO DE CONSTRUCCIÓN DA VIVENDA

Ano de construción da vivenda	Puntuación
Dende o ano 1900 ó ano 1950	10
Dende o ano 1951 ó ano 2000	7
Dende o ano 2001 en adiante	5

A puntuación mínima (tendo en conta os cinco criterios de baremación) será de **24 puntos**. Pola súa parte, a puntuación máxima ascenderá a **50 puntos**.

As solicitudes presentadas serán ponderadas e ordenadas de acordo cós criterios de baremación indicados nesta base, ó obxecto de establecer unha puntuación final que permita a súa ordenación.

As vivendas que non alcancen a puntuación mínima descartarásese e polo tanto excluírásese da bolsa de vivendas. Desta forma, premitese asegurar que as vivendas están en condicións mínimas de habitabilidade

para poder acceder á axuda e ser incorporadas na bolsa de aluguer, en función do crédito dispoñible, atendendo ás puntuacións restantes das vivendas que optan á concorrencia.

En todo caso, a Comisión de Valoración estimará en cada caso de forma individualizada, en función da documentación engadida, así como as fotografías engadidas das diferentes estancias, se reúnen os requisitos necesarios para cumprir as condicións de habitabilidade na vivenda, necesarias para formar parte da bolsa. Pola contra, non chegarán á puntuación mínima necesaria pra acceder a la axuda.

Para o caso de que se obteña a mesma puntuación en máis dunha vivenda, resolveráse o empate atendendo ó criterio do orden de entrada das solicitudes.

Completarase a lista provisional de beneficiarios ata esgotar o orzamento dispoñible e crearase unha lista de reserva de solicitantes para o caso no que existan renuncias entre os beneficiarios, no suposto de que exista dispoñibilidade de crédito abondo.

Base 10. Publicidade das subvencións otorgadas

Tal e como dispón o artigo 14 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar so seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concurra algunha das causas previstas na letra d) do artigo 15.2 de la mencionada Lei.

Asimesmo, informase ó beneficiario desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións que poderá ser consultarse na seguinte dirección: <https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>; así como dos dereitos sobre a protección de datos personais previstos no Regulamento UE 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos personais e na LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e de garantía dos dereitos dixitais.

A publicidade da resolución das persoas beneficiarias publicaráse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), en base ó establecido no artigo 30 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións).

Base 11. Instrucción do Procedemento

O procedemento de selección dos beneficiarios e a distribución das subvencións entre estos será o rexime de concorrencia competitiva.

O órgano instructor dos expedientes será a Área de Promoción Económica e Social.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiránse á Comisión de Valoración para que proceda a súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada cá prelación das solicitudes.

No caso de que a documentación aportada estivera incompleta ou defectuosa, requerirase o solicitante para que no prazo de 10 días hábiles, aporte a documentación necesaria ou subsane os defectos observados, informándolle que, no caso de non aportar ou subsanar a documentación requerida, tendráselle como desistido na súa petición, previa resolución da Xunta de Goberno, e se notificará ó solicitante.

Para os efectos previstos nestas bases, a Comisión de Valoración estará composta por tres empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, e presidida pola responsable do área de Promoción Económica e Emprego. A Comisión de Valoración nomearase por Resolución da Presidencia da Deputación de Lugo e poderá estar asistida por expertos na materia.

Sempre que se cumpran os requisitos establecidos na presente orden, a Comisión de Valoración prevista valorará as solicitudes presentadas conforme criterios de obxectividade, igualdade e non discriminación dentro das dispoñibilidades orzamentarias persiguindo a maior repercusión posible das axudas no ámbito territorial e tendo en conta os criterios de valoración específicos previstos na **Base 9**.

Para o funcionamento da Comisión aplicaráselle o rexime previsto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, del 1 de outubro de Rexime Xurídico do Sector Público e concordantes de aplicación.

Acordo de resolución provisional

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe realizado pola Comisión de Valoración, efectuará proposta de resolución provisional, debidamente motivada, á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, na que se expresará o solicitante ou relación dos mesmos para os que se propón a concesión das subvencións e a súa cantidade, especificando os criterios de valoración empregados, así como, de ser o caso, a desestimación do resto de solicitudes.

O acordo de resolución provisional non será obxecto de notificación individual senón que se notificará ós interesados por medio de publicación no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) conforme ó disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, surtindo os efectos de notificación.

Asimesmo, concederáse un prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte o da publicación do acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións.

Rematado o trámite de audiencia sen formularse alegacións, o acordo de resolución provisional terá o carácter de definitivo, e se procederá á publicación do seu anuncio no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Acordo de resolución definitiva

No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes pra os que se propón a concesión da subvención e a súa cantidade, e no seu caso, a desestimación das demais solicitudes.

En base á proposta feita polo órgano instructor, a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.

En base ó establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal).

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións ós beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación do referido acordo no BOP, de conformidade có disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación do citado acordo no BOP, de conformidade có disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición non poderá interpoñerse recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar cualquier outro recurso que estime precedente.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día no que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas.

Entenderase desestimada a solicitude, cando transcorrido dito prazo non recaera resolución expresa, de conformidade có previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente que impón o artigo 21 do mesmo texto legal. A resolución expresa posterior ó vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación algunha ó sentido do silencio, de conformidade có preceptuado polo artigo 24.3 b) da Lei 39/2015.

No caso de que os beneficiarios non comuniquen a renuncia á Deputación de Lugo, no prazo de 5 días hábiles, a partir da notificación da resolución definitiva, entenderase que a subvención é aceptada.

Base 12. Abono da subvención

O pago das subvencións ós beneficiarios realizarase nun único pago previa proposta efectuada polo Deputado-Delegado da Área de Promoción Económica e Social e tras un informe do órgano xestor, adxuntando o Anexo II e a certificación bancaria na que conste o número de conta na que se procederá, no seu caso, ó abono correspondente da subvención, tal e como establece na **Base 8**.

Unha vez transcurridos 3 anos, dende a publicación da resolución definitiva no BOP de Lugo, o órgano xestor efectuará a comprobación da permanencia na bolsa de aluguer e o cumprimento dos demais requisitos establecidos nestas Bases e emitirá informe. No caso de incumprimento dalgún destes requisitos, procederase de acordo có previsto na **Base 15**.

Non se poderá facer o pago da subvención mentres non se acredite estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social, ou a Deputación Provincial de Lugo, ou mentres sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Excluese a posibilidade de facer pagos anticipados e abonos a conta.

Base 13. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión, de acordo có establecido no artigo 17.4 da Lei de Subvencións de Galicia.

Base 14. Renuncia

Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou renunciar a súa condición de beneficiario. Tanto o desistimento coma a renuncia poderán facerse por calquer medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo có previsto na normativa aplicable, tal e como establece no artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Base 15. Incumprimentos e obrigación de reintegro

Procederá a revocación da subvención e o reintegro total das cantidades percibidas, ademais da exigencia do interés de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o deudor faga o ingreso do reintegro, se ésta fose anterior, nos seguintes casos:

- a. Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedisen.
- b. Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
- c. Incumprimento das obrigas impostas ós/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos establecidos na **Base 6** con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou refiranse ó modo no que consiguen os obxectivos, realizase a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- d. A actuación con negligencia ou mala fe dos propietarios ou usufructuarios que imposibilite ós posibles arrendatarios acceder á vivenda e formalizar o contrato.
- e. O non cumprir coa esixencia da redución do importe alugueiro (50%) na primeira mensuralidade, tal e como se determina na **Base 6**.
- f. Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, así coma o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso derivese a imposibilidade de verificar o emprego dado ós fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de cualquier administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- g. Adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal derivese unha necesidade de reintegro.
- h. Incumprimento da obriga de permanencia na bolsa de aluguer durante 3 anos completos, tal e como determinase na **Base 6**.
- i. Nos demais supostos contemplados na normativa reguladora da subvención.

Para facer efectiva a devolución tramitaráse o oportuno procedemento de reintegro, o cal axustaráse ó establecido no Título II Capítulo II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en concreto nos artigos 41 a 43. De igual forma, deberá tamén axustarse ó establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, publicada no BOP n.º 009, do 11 de xaneiro de 2024 (artigo 37), e no resto de normativa de aplicación.

As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro pondrán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano concedente no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante o Orden Xurisdiccional Contencioso-Administrativo, na forma e prazo previsto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Ós beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases serálles de aplicación o rexime de infraccións e sancións previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Base 16. Rexime de recursos.

O acordo de aprobación das presentes bases pondrá fin á vía administrativa, polo que contra o mesmo caberá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), de conformidade có disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou recurso contencioso-administrativo directamente ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da citada publicación, conforme ó artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de que se optase por interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo en tanto en canto non se resolva ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer cualquier outro recurso cos interesados estimen pertinente.

Base 17. Protección de datos

Os efectos previstos no Regulamento Xeral de Protección de Datos e na LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, informase que os datos obtidos como consecuencia da solicitude destas subvencións serán tratados por esta entidade, cuxos datos de contacto son os seguintes:

- Responsable do tratamento: Deputación Provincial de Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Fax: 982 180 004
- Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org

Os datos serán tratados cá finalidade de xestionar e tramitar os expedientes. A base legal deste tratamento é o cumprimento da obriga legal aplicable ó seu responsable, e unha misión realizada en interese público ou no exercicio dos poderes públicos conferidos ó responsable do tratamento.

Os datos personais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que o feito de non facilitalos supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e do cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior. Non está prevista a comunicación de datos nin a transferencia internacional dos mesmos.

Base 18. Modificación das Bases

As presentes Bases poderán ser obxecto de modificación pola Xunta de Goberno, sempre que se atopen vixentes e non se altere o contido sustancial da mesma e non se lesione dereitos de terceiros.

Base 19. Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será feito de acordo có disposto na Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixente.

Base 20. Plan de auditoría

A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levaráse a cabo un Plan de Auditoría Anual, que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e a forma de selección como tamén as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

1. Comprobar a execución polos beneficiarios das actuacións ou inversións subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que se concederon.
2. Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos das subvencións.
3. Verificar a data de pago dos documentos mencionados.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, no caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Base 21. Vixencia das bases

A vixencia destas bases será de 4 anos a contar dende a publicación do extracto da convocatoria na BDNS.

Base 22. Normativa de aplicación

Para todo o non previsto nestas Bases, estarase ó establecido na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 12/2023, de 24 de mayo, polo dereito á vivenda.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP de Lugo nº 009, de 11 de xaneiro de 2024).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Régimen Local (LRBRL).

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Reglamente Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
- Bases de Execución de Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2024, e normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.
- As restantes normas de dereito administrativo e, para o non previsto nas mesmas, as normas de Dereito privado.

Lugo, 26 de xaneiro de 2024.- "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Asdo: Pablo Rivera Capón"



ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE (ÚNICO PROPIETARIO/A/ - USUFRUTUARIO/A)

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”, ANUALIDADE 2024

Presentación de solicitudes

Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito suficiente, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP da provincia de Lugo e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo” a través da modificación das bases.

O texto íntegro das Bases desta convocatoria será publicado no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

Os interesados deberán solicitar as axudas a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos e na **Base 8**.

A **solicitude** deberá conter a seguinte **documentación**:

- Copia do NIF do solicitante/representante legal.
- Copia do/s documento/s que acredite/ o título de propiedade ou usufruto do ben inmovible.
- (Certificado Rexistro da Propiedade/ Escritura Pública)
- Cando se actúe a través de representante legal deberá acreditarse por medio de declaración responsable (Anexo III).
- Fotografías de cada unha das estancias da vivenda, onde se poida visualizar unha vista completa da estancia, que acredite o bo estado da mesma, así como o cumprimento dos requisitos esixidos na Base 7.
- Documento bancario cuxo titular sexa o/a propietario/a , ou usufrutuário/a, da vivenda.
- No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa xurídica, copia dos estatutos da entidade.

SOLICITANTE 1 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DESTA SOLICITUDE	
Teléfono/s:	E-mail:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:	NIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

DATOS DA VIVENDA			
Enderezo:		Lugar:	Parroquia:
CP:	Localidade:	Concello:	Provincia:
Referencia catastral:			
(opcional) Polígono: / Parcela:			

A persoa que subscribe, en aplicación das bases establecidas pola Deputación Provincial de Lugo para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento de alugueiro e creación de bolsa de vivendas dispoñible no rural, na execución do programa "Y para vivir Lugo", na anualidade 2024,

Polo que **SOLICITA/O:**

Participar no proxecto "Y para vivir Lugo"

PROTECCIÓN DE DATOS

AUTORIZO E CONSINTO que a Deputación Provincial de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

NON AUTORIZO NIN CONSINTO que a Deputación Provincial de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	Deputación Provincial de Lugo
Servizo/Sección responsable	Sección de Promoción Económica e Emprego
Finalidade	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación Provincial de Lugo
Interesados	Persoas físicas / Xurídicas
Categoría de datos	Nome, apelidos, NIF, dirección postal, correo electrónico, sinatura, certificado de conta bancaria
Lexitimación	RGPD: Artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: Artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Destinatarios	Outras Administracións Os requiridos pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade de datos
Procedencia	A través do interesado, por parte do persoal de xestión ou mediante o acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios <i>web</i> recollidos no portal de Deputación Provincial de Lugo

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace *web* seguinte:

https://sede.deputacionlugo.org/oficina-lugo/tramites/acceso.do?id=8642&block=SUBVENCIONS_1097&blockType=AREAS_SEDE

En _____ de _____, a _____ de _____ 202_

O/A solicitante / representante legal,

-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO -

- e. Que cumpre os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño Subvenciones de Galicia, para obter a condición de beneficiario.
- f. Que non ten pendente de xustificación subvenciones anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.
- g. Solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas, para a mesma actuación subvencionarlle.

SI NON

No caso de contestar SI, cubrir o seguinte cadro:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	IMPORTE SOLICITADO	ESTADO		IMPORTE CONCEDIDO
		CONCEDIDA	PENDENTE	

- h. Que a vivenda dispón das condicións mínimas de habitabilidade: licenza de primeira de ocupación ou cédula de habitabilidade, que permita o alugueiro da vivenda de forma inmediata e ter unhas condicións de legalidade para todos os efectos (con permisos e licenzas necesarias en vigor).
- i. Que a vivenda dispón de póliza de seguro en vigor.
- j. Que se compromete a manter o prezo do alugueiro da vivenda conforme aos prezos de mercado durante a vixencia da bolsa de vivendas.
- k. Que o importe da primeira mensualidade reducirase nun 50%.
- l. Que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigacións durante a vixencia das bases.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, firmo a presente:

En _____ de _____, a _____ de 202_

O/A solicitante / representante legal



ANEXO III, REPRESENTACIÓN LEGAL (ÚNICO PROPIETARIO/A - USUFRUTUARIO/A)

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”, ANUALIDADE 2024

SOLICITANTE en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

AUTORIZA a ser representado por,

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

En relación ao procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a convocatoria para o fomento do alugueiro e creación de bolsa de vivendas dispoñibles no rural, dentro do Programa “E para vivir Lugo” da Deputación Provincial de Lugo, para a anualidade 2024.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, firmo a presente:

(O solicitante)

Conforme

(O representante legal)

En _____ de _____, a _____ de 202_

-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO -

Anuncio publicado en: Num BOP 26 año 2024 (31/01/2024 08:00:00)



ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE-DA PRIMEIRA MENSUALIDADE

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO", ANUALIDADE 2024

Eu, D./D^a,
con DNI....., domicilio en,
.....na localidade de e CP.....,
en calidade de ARRENDADOR/A,

Eu, D./D^a.....,
con DNI, domicilio en,
.....na localidade de e CP.....,
en calidade de ARRENDATARIO/A,

DECLARO RESPONSABLEMENTE que,

En virtude do contrato formalizado na data **cobrei /abonei** en concepto de alugamento a cantidade de euros, correspondente ó importe reducido (50%) da priemira mensualidade.

E para que así conste, firmase o presente documento por ambas partes.

En, a de..... de 20.....

Fdo: D./D^a..... Fdo: D./D^a.....
(Arrendador/a) (Arrendatario/a)



ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE (VARIOS PROPIETARIOS/AS - USUFRUTUARIOS/AS)

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO”, ANUALIDADE 2024

Presentación de solicitudes

Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito suficiente, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP da provincia de Lugo e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo” a través da modificación das bases.

O texto íntegro das Bases desta convocatoria será publicado no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

Os interesados deberán solicitar as axudas a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos e na **Base 8**.

A **solicitude** deberá conter a seguinte **documentación**:

- Copia do NIF do solicitante/representante legal.
- Copia do/s documento/s que acredite/ o título de propiedade ou usufruto do ben inmovible.
- (Certificado Rexistro da Propiedade/ Escritura Pública)
- Cando se actúe a través de representante legal deberá acreditarse por medio de declaración responsable (Anexo III).
- Fotografías de cada unha das estancias da vivenda, onde se poida visualizar unha vista completa da estancia, que acredite o bo estado da mesma, así como o cumprimento dos requisitos esixidos na Base 7.
- Documento bancario cuxo titular sexa o/a propietario/a/os/as , ou usufrutuário/a/os/as, da vivenda. No caso de grupo de propietarios e/o usufrutuários débese incluír un único documento bancario na que aparezan todos os posibles beneficiarios.
- No caso de que a solicitude sexa presentada por unha persoa xurídica, copia dos estatutos da entidade.

SOLICITANTE 1 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 2 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 3 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 4 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 5 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DESTA SOLICITUDE	
Teléfono/s:	E-mail:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

DATOS DA VIVENDA			
Enderezo:		Lugar:	Parroquia:
CP:	Localidade:	Concello:	Provincia:
Referencia catastral:			
(opcional) Polígono: / Parcela:			

A persoa que subscribe, en aplicación das bases establecidas pola Deputación Provincial de Lugo para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento de alugueiro e creación de bolsa de vivendas dispoñible no rural, na execución do programa "Y para vivir Lugo", na anualidade 2024,

Polo que **SOLICITA/O:**

Participar no proxecto "Y para vivir Lugo"

PROTECCIÓN DE DATOS

AUTORIZO E CONSINTO que a Deputación Provincial de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

NON AUTORIZO NIN CONSINTO que a Deputación Provincial de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	Deputación Provincial de Lugo
Servizo/Sección responsable	Sección de Promoción Económica e Emprego
Finalidade	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación Provincial de Lugo
Interesados	Persoas físicas / Xurídicas
Categoría de datos	Nome, apelidos, NIF, dirección postal, correo electrónico, sinatura, certificado de conta bancaria
Lexitimación	RGPD: Artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: Artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Destinatarios	Outras Administracións Os requiridos pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade de datos
Procedencia	A través do interesado, por parte do persoal de xestión ou mediante o acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios <i>web</i> recollidos no portal de Deputación Provincial de Lugo

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace *web* seguinte:

https://sede.deputacionlugo.org/oficina-lugo/tramites/acceso.do?id=8642&block=SUBVENCIONS_1097&blockType=AREAS_SEDE

En _____ de _____, a _____ de _____ 202_

O representante legal,

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO -



ANEXO II, DECLARACIÓN RESPONSABLE (VARIOS PROPIETARIOS/AS - USUFRUARIOS/AS)

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO", ANUALIDADE 2024

SOLICITANTE 1 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 2 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 3 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 4 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 5 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

En nome dos meus representados/as

- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela inclúense.
- Autoriza ou non a que se solicite por parte da Deputación Provincial de Lugo, de ser o caso, os certificados de atoparse ao corrente das súas obrigacións tributarias e fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia á Tesourería Xeral da Seguridade social e ao Servizo de Recadación Provincial.

SI

NON

- c. A habilitación como dirección electrónica a sinalada na solicitude. (Anexo I).
- d. Que autoriza á Deputación Provincial de Lugo a realizarlle comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de axudas promovido nestas bases.

SI NON

- e. Que cumpre os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño Subvenciones de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

- f. Que non ten pendente de xustificación subvenciones anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

- g. Solicitou ou se lle concederon outras axudas ou subvencións por outras Administracións Públicas ou entidades públicas ou privadas, para a mesma actuación subvencionarlle.

SI NON

No caso de contestar SI, cubrir o seguinte cadro:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	IMPORTE SOLICITADO	ESTADO		IMPORTE CONCEDIDO
		CONCEDIDA	PENDENTE	

- h. Que a vivenda dispón das condicións mínimas de habitabilidade: licenza de primeira de ocupación ou cédula de habitabilidade, que permita o alugueiro da vivenda de forma inmediata e ter unhas condicións de legalidade para todos os efectos (con permisos e licenzas necesarias en vigor).
- i. Que a vivenda dispón de póliza de seguro en vigor.
- j. Que se compromete a manter o prezo do alugueiro da vivenda conforme aos prezos de mercado durante a vixencia da bolsa de vivendas.
- k. Que o importe da primeira mensualidade do algamento reducirase nun 50%.
- l. Que se compromete a manter o cumprimento das anteditas obrigacións durante a vixencia das bases.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, firmo a presente:

En _____ de _____, a _____ de 202_

O representante legal

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO -


ANEXO III, REPRESENTACIÓN LEGAL (VARIOS PROPIETARIOS/AS - USUFRUARIOS/AS)

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO", ANUALIDADE 2024

SOLICITANTE 1 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 2 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 3 en calidade de:		
Nome/Denominación social:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 4 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

SOLICITANTE 5 en calidade de:		
Nome/Denominación social:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

AUTORIZA a ser representado por,

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:	NIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

En relación ao procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a convocatoria para o fomento do alugueiro e creación de bolsa de vivendas dispoñibles no rural, dentro do Programa "E para vivir Lugo" da Deputación Provincial de Lugo, para a anualidade 2024.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, firmo a presente:

(Todos os solicitantes)

Conforme

(O representante legal)

En _____ de _____, a _____ de 202_

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO -



ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE-DA PRIMEIRA MENSUALIDADE

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DE ALUGUEIRO E CREACIÓN DE BOLSA DE VIVENDAS DISPOÑIBLE NO RURAL, DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO", ANUALIDADE 2024

Eu, D./D^a,
 con DNI....., domicilio en
, na localidade de e CP.....,
 en calidade de ARRENDADOR/A,

Eu, D./D^a.....,
 con DNI, domicilio en
, na localidade de e CP.....,
 en calidade de ARRENDATARIO/A,

DECLARO RESPONSABLEMENTE que,

En virtude do contrato formalizado na data **cobrei /abonei** en concepto de alugamento a cantidade de euros, correspondente ó importe reducido (50%)da priemira mensualidade.

E para que así conste, firmase o presente documento por ambas partes.

En, a de..... de 20.....

Fdo: D./D^a..... Fdo: D./D^a.....
 (Arrendador/a) (Arrendatario/a)

CONCELLOS**BURELA***Anuncio***LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E/OU EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE INFORMÁTICO/A COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.-**

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0049 de data 23/01/2024 resolveuse aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado por Resolución nº 2022-1108 de data 28/12/2022 para o ingreso como persoal laboral fixo dunha (1) praza de "INFORMÁTICO/A", grupo C1, polo sistema de concurso, quenda libre, incluída na oferta de emprego público do Concello de Burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Juan Miguel Piqueras Pena	***0715**	EXENTA

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0052 de data 24/01/2024 resolveuse modificar a composición do tribunal de selección designado por Resolución de Alcaldía nº 2024-0049, quedando integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE/A.-

Titular: D. Gustavo Alberto Montero Santoveña. Informático do Hospital da Costa de Burela.

Suplente: D. Fernando Rodríguez Vidal. Administrativo-Informático do Concello de Vilalba.

VOGAIS.-

Titular: D. Pablo Rodríguez Blanco. Técnico Informático do Concello de Ribadeo.

Suplente: D. Angel Rubiños Ben. Director da Casa da Cultura do Concello de Burela.

Titular: D. José Manuel Ferreira López. Director do Centro de Formación Ocupacional.

Suplente: D. Jaime Méndez García. Director da Casa da Xuventude do Concello de Burela.

Titular: D^a Yolanda Otero Eijo. Técnica Local de Emprego do Concello de Burela.

Suplente: D^a. Noelia Legaspi Rodríguez. Educadora Familiar do Concello de Burela.

SECRETARIO/A.-

Titular: D^a. María Elisa Mogo Miranda. Técnico de Administración Xeral do Concello de Burela.

Suplente: D. José Luis López Fernández. Arquitecto Técnico -encargado de obras do Concello de Burela.

A constitución do Tribunal e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas efectuarase o día 16 de febreiro de 2024, ás 10:00 horas, na sala de comisións do Concello de Burela.

Contra a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Burela, 24 de xaneiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 15/01/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente novembro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axudano fogar correspondente a novembro do 2023terá lugar neste municipio dende o día 16 de xaneiro de 2024ata o día 15de marzo de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará oiniciado período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 de xaneiro do 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 0238

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 29/12/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a decembro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes decembro 2023 terá lugar neste municipio dende o día 30 de decembro de 2023 ata o día 1 de marzo de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada,29 de decembro de 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0239

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 27/12/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a decembro 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a decembro 2023 terá lugar neste municipio dende o día 28 de decembro de 2023 ata o día 27 de febreiro 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada 29 de decemro do 2023.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 0240

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25/01/2024 resolveuse aperturara bolsa de traballo temporal de auxiliares do servizo de axuda no fogar do Concello de Folgoso do Courel constituída por Decreto de data 10/05/2023 e convocar o proceso selectivo para a ampliación da referida bolsa, así como tamenaperturar a mesma de cara a actualización de méritos dos e das persoas que xa forman parte dela. O prazo para presentar as solicitudes correspondentes será de **10 días naturais** a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases encóntranse publicadas na sede electrónica do Concello.

Folgoso do Courel, 25 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 0241

SARRIA

Anuncio

Exposición pública do Padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración de augas residuais; recollida de lixo do Concello de Sarria.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento-depuración; o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga e recollida de lixo, correspondente ao **cuarto trimestre de 2023**, o citado padrón estará a disposición do publico durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Peregrino nº 31 Portal 1 Baixo; en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante o Sr. Alcalde, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económica - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 4 de Abril de 2024, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Sarria, 17 de Xaneiro de 2024.- A SR. ALCALDE, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 0243

O SAVIÑO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xaneiro de 2024, acordou a aprobación provisional da ORDENANZA FISCAL Nº 13 REGULADORA DA TAXA POLA INSCRICIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS DE PERSOAL DO CONCELLO DE O SAVIÑO (Expte. 1609/2023).

E, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública, polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e achegar as reclamacións que estimen oportunas.

Entenderase definitivamente adoptado o acordo, se no prazo sinalado non se achegan reclamacións.

O Saviño, 25 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0244

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN ANEXO PERSOAL 2024 (Expte. 60/2024)

O Pleno deste concello, en sesión ordinaria de data 24 de xaneiro de 2024, adoptou o acordo de modificación do Anexo de Persoal 2024, publicado no BOP núm. 298, de 30 de decembro de 2023, e en cumprimento do previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da provincia de Lugo, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións.

O acordo consideraráse definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións.

O Saviño, 25 de xaneiro de 2024. O Alcalde. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0245

SOBER

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 25 de xaneiro de 2024, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia e de dependencia correspondente ao mes de decembro de 2023.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 25 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0246

O VICEDO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 18 de xaneiro de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de DECEMBRO de 2023 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde - Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adedebados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 18 de xaneiro do 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0247

MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORGANIGRAMA E RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ

A Xunta Plenaria da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 27 de decembro de 2023 aprobou inicialmente o organigrama e relación de postos de traballo da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, nos termos en que consta redactada no expediente administrativo de referencia.

En data 30 de decembro de 2023 foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o anuncio de aprobación inicial do organigrama e relación de postos de traballo da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, abríndose un prazo de vinte días hábiles para a presentación de reclamacións, alegacións ou suxestións.

Non habéndose presentado, no prazo de exposición pública, ningunha reclamación e/ou alegación contra o referido expediente, procede elevar a definitiva a aprobación do organigrama e relación de postos de traballo

da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, e proceder á súa publicación de conformidade co previsto polo artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia

Contra a aprobación definitiva do organigrama e relación de postos de traballo da Mancomunidade de Municipios da Terra Chá, poderá interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses. Poderá, non obstante, interpoñer, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acordo no prazo de un mes.

RPT MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ												
CÓDIGO	DENOMINACIÓN	TIPO	CORPO, ESCALA OU CATEGORÍA	GRUPO	NIVEL	C.E. (14 pagas) 2023	PROV.	R.N.	TITULACIÓN*	FORMACIÓN ESPECÍFICA*	ADM.	OBSERVACIÓNS
01. ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL												
01.01.00.01	SECRETARIO/A XERAL	F	H.N. (SECRETARÍA-INTERVENCIÓN)	A1	Posto que se ocupa por acumulación		C	R.N.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.E.	Acumulación función 15% da xornada
01.01.00.02	TESOUREIRO/A	F	H.N. (TESOURERÍA)	A1	Posto que se ocupa por acumulación		C	R.N.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE		A.E.	Acumulación función 15% da xornada
01.00.00.01	ADMINISTRATIVO/A	F	A.X. (ADVA.)	C1	22	6000	C	U.E.	BACHARELATO OU EQUIVALENTE		A.L.	0
02. ÁREA DE URBANISMO												
02.00.00.01	ARQUITECTO/A TÉCNICO	F	A.E. (TÉCNICA)	A2	25	9750	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión do Grao en Enxeñaría da Edificación ou equivalente	A.L.	0
03. ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS												
03.00.00.01	CONDUCTOR/A	L	SEGUNDO CONVENIO	IV	16	4125	C	U.E.	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.00.00.02	CONDUCTOR/A	L	SEGUNDO CONVENIO	IV	16	4125	C	U.E.	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
03.00.00.03	CONDUCTOR/A PREVENCIÓN, EXTINCIÓN E RECUPERACIÓN DE INCENDIOS	L	SEGUNDO CONVENIO	IV	16	4125	C	U.E.	GRADUADO EN E.S.O. OU EQUIVALENTE		A.L.	0
04. ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS												
04.00.00.01	TRABALLADOR/A SOCIAL- Xefatura de Servizo/ Coordinador/a	L	SEGUNDO CONVENIO	II	25	7875	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión do Grao en Traballo Social ou equivalente	A.L.	0
04.00.00.02	TRABALLADOR/A SOCIAL- Xefatura de Servizo/ Coordinador/a	L	SEGUNDO CONVENIO	II	25	7875	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión do Grao en Traballo Social ou equivalente	A.L.	0
04.00.00.03	TRABALLADOR/A SOCIAL- Xefatura de Servizo/ Coordinador/a	L	SEGUNDO CONVENIO	II	25	7875	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión do Grao en Traballo Social ou equivalente	A.L.	0
04.00.00.04	TRABALLADOR/A SOCIAL- Xefatura de Servizo/ Coordinador/a	L	SEGUNDO CONVENIO	II	25	7875	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión do Grao en Traballo Social ou equivalente	A.L.	0
04.00.00.05	EDUCADOR/A FAMILIAR- TRABALLADOR/A SOCIAL- Programa de Intervención Familiar	L	SEGUNDO CONVENIO	II	23	4800	C	U.E.	GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE	Estar en posesión do Grao en Traballo Social ou equivalente	A.L.	XORNADA A TEMPO PARCIAL (64%) FLEXIBILIDADE HORARIA

Abreviaturas empregadas:

Tipo:

L: Posto reservado a persoal laboral

F: Posto reservado a persoal funcionario

Corpo/Escala ou Categoría:

A.X.: Escala de Administración xeral

A.E: Escala de Administración especial

H.N: Escalas de habilitación Nacional

Segundo Convenio: No caso do persoal laboral, segundo convenio de aplicación.

Prov.: Forma de provisión:

C: concurso

L: libre designación

Reserva Nacional:

R.N: Posto reservado a persoas con nacionalidade española

U.E.: Unión Europea

Titulación:

Recóllese a titulación mínima esixida

Formación Específica*

Recoméndase a súa determinación con carácter previo á provisión dos postos

Administración:

A.L.: Posto reservado a empregados propios da administración local

A.E.: Posto reservado a funcionarios con habilitación de carácter estatal

Observacións:

Flexibilidade horaria: Sinala os postos que polas súas características recoméndase teñan flexibilidade horaria.

Esta flexibilidade supón a posibilidade de ter que prestar servizos nun horario diferente ao ordinario por necesidades do servizo (previstas ou imprevistas).

ANEXO III**ESTRUTURA RETRIBUTIVA DO PERSOAL LABORAL**

A estrutura retributiva fixada e contemplada na RPT para o persoal laboral se caracteriza pola homologación co sistema retributivo do persoal funcionario; polo que a partires da aplicación da RPT o sistema salarial do persoal laboral estará composto polas retribucións básicas (soldo), na contía que fixa a correspondente Lei de Presupostos Xerais do Estado e de conformidade cos grupos profesionais de pertenza, e polas retribucións complementarias. Os complementos de Destino e Específico percibiranse nas contías determinadas pola RPT.

Deste xeito, para os postos contemplados para o persoal laboral, estableceuse o sistema de equivalencia recollido na seguinte táboa:

GRUPO LABORAL	GRUPO FUNCIONARIO
I	A1
II	A2
III	C1
IV	C2
V	Agrupacións Profesionais

ANEXO IV**APLICACIÓN DIFERIDA E PROGRESIVA DO COMPLEMENTO ESPECÍFICO E DO COMPLEMENTO DE DESTINO**

Debido á imposibilidade da Mancomunidade Terra Chá de facer fronte ás repercusións económicas da valoración dos postos de traballo contempladas na RPT, máxime na situación económica actual, a entidade ten pactado coas centrais sindicais representadas na Mesa Xeral de Negociación da Mancomunidade, o diferimento progresivo da implantación da retribución do complemento específico e do complemento de destino ao longo de 2 exercicios, para así solventar calquera eventual dificultade financeira ou orzamentaria que puidera xurdir no actual contexto de inestabilidade económica.

Polo exposto, naqueles casos en que o persoal, coa aprobación da RPT, vaia a sufrir, computado en termos anuais, un incremento global das súas actuais retribucións superior a 1.000 euros brutos, o referido incremento percibirase de maneira diferida e progresiva, nas seguintes porcentaxes:

- 1º exercicio de aplicación da RPT: incremento do 85%
- 2º exercicio de aplicación da RPT: incremento do 15%

Así mesmo, cabe indicar que a RPT da Mancomunidade terá efectos económicos dende o día seguinte ao da súa aprobación definitiva.

Lugo, 30 de xaneiro de 2024.- Armando Castosa Alvariño.

R. 0263

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – DEPUTACION***Anuncio*

EXTRACTO CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O FOMENTO DO ALUGUER E CREACION DUNHA BOLSA DE VIVENDAS DISPONIBLES NO RURAL, DO PROGRAMA ¿Y PARA VIVIR LUGO¿ ANUALIDADE 2024.

BDNS (Identif.): 741431

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/741431>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencions.

Ditas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno en data 26.01.2024.

PRIMEIRO.-OBJECTO

O obxecto desta convocatoria é crear unha bolsa de aluguer de vivendas para promover e fomentar o aluguer nos concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes, priorizando os concellos piloto do programa "Y para vivir Lugo" de A Fonsagrada, O Valadouro e Xermade, actuando como mediadores e facilitadores, técnicos da área de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

Para isto, destinarase unha axuda económica de 600,00 euros a propietarios/as y usufrutuarios/as de vivendas rurais, en calidade de arrendadores, que permitan poñelas a disposición de novos poboadores, coa obrigaion de que unha vez materializado o contrato de arrendamento, na primeira mensuralidade rebaixarase ao arrendatario o importe do mesmo ao 50%, para atenuar os gastos que implica o cambio de residencia. En concreto serán 50 axudas económicas.

SEGUNDO.- BENEFICIARIOS

As axudas dirixense a propietarios/as, usufrutuarios/as de vivendas, sen ánimo de lucro, sitas preferentemente nos Concellos de A Fonsagrada, O Valadouro y Xermade, sen prexuízo de que poidan estenderse ó resto de concellos da provincia de Lugo que contén con menos de 5.000 habitantes.

TERCEIRO.- BASES REGULADORAS

Esta convocatoria regulase pola Orden Ted/1358/2021 de 1 de decembro para a financiamento de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra o despoboamento, a través do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

CUARTO.- CONTÍA

O orzamento destinado para a concesión destas axudas para o fomento do aluguer e a creación de una bolsa dispoñible de vivendas no rural para o ano 2024 ascende a 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410.4890055.

Poderán beneficiarse da bolsa de apoio ó aluguer no rural, un total de 50 vivendas dotando ós actuais arrendadores das mesmas, dunha retribución mediante transferencia bancaria por unha cantidade única de 600,00 euros por cada inmovible que se poña a disposición da bolsa de aluguer durante un período de compromiso de permanencia de 3 anos.

QUINTO.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito abondo, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP e en todo caso respectando a vixencia do programa "Y para vivir Lugo", previa modificación das bases.

LUGO, 26 DE XANEIRO DE 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0262

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) – COSPEITO*Anuncio***BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO**

BDNS (Identif.): 741071

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/741071>)

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO DO CONCELLO DE COSPEITO 2024**1. OBXECTO**

Os festivais de disfraces terán lugar o día 9 de febreiro de 2024 no Pavillón Polideportivo de Feira do Monte:

- Festival de disfraces infantil: celebrarase a partir das 18:00 horas.
- Festival de disfraces para adultos: celebrarase cando finalice o festival infantil, aproximadamente a partir das 23:00 horas.

2. PARTICIPANTES

Festival infantil: Poderán participar todas aquelas persoas interesadas ata os 16 anos de idade entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 18:00 horas. Participarase en tres categorías: individual, parellas e grupos ou comparsas, nas comparsas ou grupos poderá participar como máximo 1 adulto, en casos excepcionais onde o número de nenos menores de 16 anos sexa igual ou superior a 12 poderán participar 2 adultos.

Festival de adultos: Poderán participar as persoas maiores de 14 anos entre as asistentes á Festa de celebración do Entroido que terá lugar a partir das 23:00 horas. Haberá tres categorías: individual, parella (dúas persoas) e grupo ou comparsa (o grupo estará integrado por 3,4 ou 5 persoas e as comparsas estarán integradas por un mínimo de 6), nas comparsas poderán participar nenos/as de todas as idades cun mínimo de 3 adultos.

3. INSCRICIÓN

Os participantes deberán cumprimentar a folla de inscrición que corresponda segundo o concurso e a categoría na que queiran participar, que deberán entregar a calquera dos membros do xurado antes do comezo do concurso. Inscrición infantil: 17:00 horas; Inscrición adultos: 22:00 horas.

4. NORMAS DE PARTICIPACIÓN

Os aspirantes ao concurso de disfraces, seguindo as indicacións que efectúe o xurado, desfilarán e mostrarán os seus disfraces, mostrándoos ao público e ao xurado.

Os participantes no concurso de grupos e comparsas que se celebrará durante o festival de adultos poderán realizar unha actuación na que interpretarán un máximo de tres cancións.

Poderán traer un USB coa música para acompañar a súa interpretación, si así o desexan, que deberá facilitárselle á organización no momento da súa inscrición.

Dado o carácter humorístico desta festa, o Concello non asumirá responsabilidade algunha acerca das letras, interpretacións e disfraces das persoas participantes.

Cada comparsa deberá designar na súa folla de inscrición un representante que será a persoa á que se lle entregará o premio no caso de resultar gañadora.

O mesmo disfraz non poderá participar en 2 categorías distintas.

5. PREMIOS

Festival de disfraces de adultos:

a) Categoría individual:

- 1º premio: 90 €.

- 2º premio: 70 €.

- 3º premio: 50 €.

b) Categoría parellas:

- 1º premio: 130 €.

- 2º premio: 100 €.

- 3º premio: 80 €.

c) Concurso de grupos e comparsas:

- 1º premio: 240 €.

- 2º premio: 150 €.

- 3º premio: 120 €.

Engádese un premio especial de 120 euros a elección e segundo criterio dos membros do xurado únaa comparsa que non recibise outro premio.

6. BASES REGULADORAS

Pódense consultar na páxina web do Concello: <https://concellodecospeito.sedelectronica.es/info.0>

Cospeito, 24 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R.0248

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - GUITIRIZ

Anuncio

AXUDAS ARI O BURIZ E OS VILARES (1ª FASE), APERTURA DE NOVO PRAZO

BDNS (Identif.): 620100

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/620100>)

Vista a renuncia dun solicitante á subvención concedida para a rehabilitación da vivenda, abrese un novo prazo de quince días naturais para a presentación de solicitudes segundo as bases publicadas no BOP de Lugo nº 085, do 13/04/2022.

Guitiriz, 24 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa - Presidenta, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0249
